

A Consellaría de Sanidade ven de publicar no [DOG do pasado venres 18 o Plan de Ordenación de Recursos Humanos](#). Malia terse celebrado no martes anterior a reunión da Mesa Sectorial, en ningún momento se informou ás Organizacións Sindicais alí presentes da inminente publicación desta norma que tanto afecta ás condicións laborais do persoal do SERGAS. É máis, nesta publicación introdúcese novidades que non figuraban no [borrador](#) do que dispoñiamos as Organizacións Sindicais, como a ordenación organizativa das xerencias da provincia de Lugo.

Cómpre lembrar que desde **CIG-Saúde** xa temos [analizado e rexeitado contundentemente](#) o Plan de Ordenación de Recursos Humanos, na versión borrador que se nos fixo chegar no seu momento, por aumentar a incerteza nas condicións laborais ao introducir sistemas de mobilidade permanente que só achegan novos elementos de conflitividade. Presentáronse [alegacións a este borrador](#), pero no Plan finalmente publicado, lonxe de aceptarse as nosas alegacións, parece que se introducen novos elementos que imos analizar, inda que nunha primeira visión non parecen ir no camiño da mellora, senón no de afondar máis nos problemas do modelo.

Podedes ver os nosos posicionamentos ao respecto do PORRHH nestas ligazóns:

- * [Información da CIG-Saúde sobre os novos decretos do SERGAS](#)

- * [Alegacións de CIG-Saúde aos novos decretos do SERGAS](#)

- * [Información Mesa Sectorial Xullo 2010](#)

- * [Información Mesa Sectorial 27 xullo 2010](#)

- * [A nosa posición na Mesa Sectorial sobre o PORRHH](#)

